



DEPUTACIÓN DE LUGO



# BOLSA DE EMPREGO BEN EMPREGADO III

O Programa de Fomento do Emprego e a Economía dos Sectores Estratéxicos da provincia de Lugo, encontrase en constante busca de novas ferramentas e fórmulas concordantes cos obxectivos primarios que conforman o proxecto. Estas metas elementais son as seguintes:

- Dinamizar o tecido empresarial.
- Mellorar a empregabilidade dos lucenses.
- Facilitar a inserción no mercado laboral dos traballadores desempregados da provincia de Lugo.

En conxerencia co último dos obxectivos descritos, dende o *Ben Empregado* poñemos en funcionamento unha **Bolsa de Emprego** cuxo propósito será o de achegar aos cidadáns lucenses en situación de desemprego, as ofertas de traballo que non foron cubertas mediante o proceso selectivo que recollen as bases do programa.

Os cidadáns que poderán valerse da utilización deste **mecanismo novidoso** son todos aqueles lucenses empadroados na provincia que se encontren en situación de desemprego. É importante subliñar que os usuarios deste servizo non teñen porque ser necesariamente solicitantes dos anteriores plans, senón que **calquera dos desempregados da provincia pode entregar o seu currículo a través desta plataforma e optar aos postos de traballo ofertados nela**. Cabe aclarar que os postos ofertados da liña 1.B están exclusivamente destinados a persoas pertencentes a colectivos de difícil inclusión laboral, (etnia xitana, ex-reclusos, ex-drogodependentes, vítimas de violencia de xénero, ou aquelas que posúan algunha característica social, sensorial, psicolóxica ou física que lles dificulte o acceso ao mercado laboral) durante o proceso da entrevista deberán entregar algún documento probatorio de tal situación como: sentenza xudicial, certificado de discapacidade, certificado de entidade acreditativo de pertenza a algún colectivo ou certificado da situación....). Para os casos da Liña 1.A cumprindo a condición de estar en situación de desemprego poderá participar no programa.

Cabe recordar que segundo recolle a convocatoria que regula a selección do persoal do programa na súa **Base 6**: “Para o caso daqueles postos de traballo que queden desertos, en canto a candidatos, por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo utilizará un mecanismo mais áxil para a localización dos mesmos, a través da creación dunha Bolsa de emprego”.

Neste contexto, e rexeitando anteriores mecanismos que non sempre proporcionaron unha cobertura afectiva ás incidencias das entidades beneficiarias, dende a área de Promoción Económica e Social, poñemos en marcha esta **Bolsa de Emprego** que terá o seguinte funcionamento:

1. Todos os luns ofertaranse os postos de traballo cos que contemos nos plans Ben Empregado nese intre.
2. Os solicitantes contarán con **5 días hábiles** a partir do día seguinte na publicación na web para inscribirse
3. Aquelles postos que non contén con solicitudes logo do prazo establecido anteriormente, técnicos do ben empregado estudarán a posibilidade de ofertalos a candidatos inscritos na **Bolsa de Emprego** que cumpran os requisitos necesarios para o posto. Se logo deste proceso, non déramos resposta as necesidades das entidades, serán ofertados de novo o luns da semana seguinte e así cada luns ata quedaren cubertos.
4. O número de ofertas de traballo por persoa é ilimitado, podendo desta forma optar a tantos postos de traballo como considere oportuno o solicitante. Só sendo necesario entregar o CV unha soa vez, pero tendo que **cumprimentar un formulario por cada unha das solicitudes** que se desexen facer aos diferentes postos.
5. O proceso selectivo para o posto constará dunha revisión curricular e unha entrevista persoal (as datas das entrevistas serán publicadas con antelación na web).
6. Aquelles solicitantes que non teñan un perfil adecuado para o posto ou postos, poderán resultar excluídos na fase de estudo do CV, non optando así ao proceso da entrevista persoal. Os solicitantes admitidos e excluídos daranse a coñecer mediante unha listaxe subida á páxina web.

- Compromisos adquiridos e indicadores utilizados para medir ditas responsabilidades.

Servizo prestado	Compromiso	Indicadores
<p><b>Bolsas de Emprego</b></p>	<p>Poñer a disposición ferramentas tecnolóxicas de busca activa de traballo co obxectivo de achegalas a todas aquelas persoas que se atopen anotadas como demandantes de emprego na provincia de Lugo. <b>Explicación do funcionamento:</b></p> <p>Os solicitantes realizarán a inscrición <i>online</i> na plataforma da páxina web do Ben Empregado (Bolsa de Emprego), onde se publicarán todos os postos vacantes do Proxecto, sen límite de solicitudes por desempregado.</p> <p>O período de inscrición para as ofertas será de <b>5 días hábiles</b> a partir do día seguinte á publicación das mesmas. Pechado o período de inscrición, a Deputación convocará aos solicitantes para a realización das entrevistas. Aqueles postos que non teñan solicitudes serán estudados por técnicos do Ben Empregado que valorarán a posibilidade de ofertalos a candidatos que cumpran os requisitos esixidos para o posto, e xa se encontren inscritos na Bolsa de Emprego do proxecto. Se logo deste proceso selectivo os postos continúan baleiros, publicaranse de novo o luns da vindeira semana e así sucesivamente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relación de número de solicitantes inscritos.</li> <li>• Número de entrevistas realizadas aos solicitantes.</li> <li>• Porcentaxe de postos cubertos mediante a bolsa de emprego.</li> </ul>

